




5 demandas de competencia autonómica para mellorar a competitividade do polígono de Carballo.

21 de setembro de 2018





O polígono de Carballo é un parque empresarial situado a cabalo da área metropolitana da Coruña e as comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Xallas e Fisterra.

Cunha superficie de 1.218.000 m² somos un dos polígonos industriais con maior tamaño da Comunidade Autónoma galega, caracterizándonos por unha funcionalidade complexa, propia dos parques empresariais de grandes dimensións, o que nos permite aloxar no noso interior actividades económicas que demandan un maior consumo de chan industrial e altos niveis de especialización.

A través da mellora continua de servizos e infraestruturas, aspiramos a mellorar a competitividade da nosa área empresarial e das empresas nela asentadas e, así, transformar ao polígono de Carballo nun importante polo de desenvolvemento económico a nivel provincial e autonómico.

A aposta pola competitividade non está rifada coa xestión cívica dos nosos distintos grupos de interese, traballando cada día por ser un axente crave no desenvolvemento sustentable da nosa contorna.



1. Modernización das subministracións: gas, telefonía e internet.

O polígono de Carballo necesita un importante investimento para modernizar os seus servizos. Que unha área empresarial que supera o millón de metros cadrados de chan industrial non dispoña de acceso ao servizo de gas natural é un lastre que afecta á competitividade das empresas aquí asentadas.


Así mesmo, a baixa calidade e os frecuentes cortes nos servizos de telefonía e internet afectan negativamente ao normal funcionamento das empresas do polígono. O último episodio produciuse o pasado mes de agosto, no que sufrimos un corte na subministración telefónica de 3 días laborais de duración. A través da Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE), xa trasladamos esta incidencia á Amtega e aos responsables en Galicia de Telefónica e R.



2. Chan industrial.

Actualmente a porcentaxe de parcelas ocupadas ou adxudicadas na segunda fase do polígono supera o 80%, e o interese de empresarios e emprendedores polo polígono de Carballo non deixa de crecer. Tal é así que neste momento non existiría ningunha parcela dispoñible co tamaño suficiente para albergar unha empresa cuxa actividade esixa unha importante superficie de chan industrial.


É por iso que a execución da terceira fase é unha demanda importante non só dos empresarios xa asentados no polígono, senón tamén do colectivo empresarial da contorna que ven ao polígono de Carballo como un espazo atractivo para a localización das súas empresas.



3. Circunvalación e mellora das comunicacións con Santiago de Compostela e o sur de Galicia.

As comunicacións desde Carballo coa capital galega e por conseguinte co sur de Galicia e Portugal son moi deficitarias, o que dificulta o intercambio comercial e de servizos das nosas empresas con esa importante área xeográfica.


A posta en marcha da estrada de circunvalación de Carballo permitiría liberar de tráfico de turismos e vehículos pesados ao núcleo urbano carballés e supoñería unha importante mellora, a relativo baixo custo, das nosas comunicacións co sur da Comunidade Autónoma.



4. Supresión das peaxes da AG-55.

O porto exterior da Coruña está chamado a ser un dos nodos loxísticos máis importantes do noroeste peninsular. Polo que torno a el está a xurdir un importante eixo de desenvolvemento industrial composto polos polígonos de Sabón, Laracha e Carballo.

Este eixo industrial cuxo desenvolvemento debería de ser de interese xeral, pola facturación agregada das empresas asentadas e polo número global de empregados, vese lastrado polas peaxes da autoestrada AG-55. A supresión das peaxes melloraría a competitividade do porto exterior e dos polígonos mencionados.




5. Marco xurídico.

Unha porcentaxe considerable do PIB galego xérase nos seus polígonos industriais. Con todo, non existe ningunha norma legal que regule a súa gobernanza nin o importante papel que neles xogan as entidades empresariais como prestadoras de servizos de alto valor engadido. Esta situación sen referencia legal clara leva a cada polígono a adoptar unha solución distinta dadas as súas particulares circunstancias, xerando isto unha situación de inseguridade xurídica.

No noso caso particular, estamos a atopar dificultades á hora de articular unha fórmula que permita fusionar ambas as fases do polígono ao redor dunha única entidade, como nolo están demandando as empresas, ao tratarse a primeira fase de promoción privada e a segunda de promoción pública.

Sería un fito importante no ámbito da ordenación urbana e da promoción económica que a Comunidade Autónoma desenvolvese unha norma legal que dotase dun marco legal adecuado aos polígonos e parques empresariais.



Telf. 981 701 090



poligono@poligonodebertoa.es



poligonodecarballo.com